



### Descrición

Xacemento formado por dous recintos, o primeiro situado na parte alta e graduado por dous niveis, o inferior orientado cara a e SO. No chanzo superior obsérvase unha construción circular con grandes perpiaños de pedra, actualmente en ruínas. Ao seu arredor obsérvanse restos de pedra e no seu interior o que podería ser unha roda de muíño. Os veciños do lugar informaron de que a devandita construción é un antigo muíño de vento.

Na parte norte do recinto superior obsérvase un parapeto duns 2 m. de altura pola parte interior. Nesta dirección obsérvanse numerosos restos de pedras que formaban parte da muralla e que aparecen desprazadas pola ladeira N. Cara ao oeste do recinto superior obsérvase unha terraza que ocupa unhas dúas terceiras partes do poboado. Ademais destes dous recintos, o poboado podería ter algúns máis cara ao sur, onde a vexetación e os terreos achaiados actuais disfrazan a topografía orixinal do poboado.

A Croa mide, no eixe L-O, 47,50 m. e 45 m no eixe N-S. a terraza mide no eixe L-O 27 m.

Fotografías cedidas polo arqueólogo Tito Concheiro Coello.

### Adscripción cultural

Idade do Ferro

Tipoloxía

Castro

### LOCALIZACIÓN

Parroquia

Carballedo

Lugar

A Igrexa

### Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 543174 Y: 4703564

### Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.476234 O

Latitude: 42.481298 N

